Cooperativismo e Economía Social, n°. 9 (1994), pp. 155-159. Universidade de Vigo

# ECCOGRUPO, Grupo Empresarial Español de Cooperativas de la Construcción, S.Coop.

## I. MEMORIA

ECCOGRUPO é o resultado dun programa de fomento da intercooperación (cooperación entre cooperativas) dirixido por COCETA (Confederación Española de Cooperativas de Traballo Asociado).

O programa consistiu na identificación de cooperativas, da construcción ou sectores afíns, susceptible de incorporarse a unha estructura común que servirá para potenciar a súa dimensión empresarial.

A análise de partida determinaba que o sector das coopererativas de construcción era moi disperso, de tamaños pequenos e medios e con pouca presencia efectiva nos puntos clave do mercado. Por conseguinte, aparecía como obxectivo estratéxico crear unha coordinación de recursos que permitira superar estas dificultades.

ECCOGRUPO é, pois, o instrumento empresarial que debe enfrontar este reto. En realidade, a pesar da súa recente constitución, ECCOGRUPO pode hoxe oferta-los servicios integrados de construcción correspondentes a unha mediana empresa do sector (cinco mil millóns de pts. de cifra anual de negocios). Sexa directamente, sexa mediante unión temporal de empresas entre calquera dos seus socios, ou mesmo entre os seus socios e outras empresas colaboradoras. En calquera caso, sempre a través da imaxe e a xestión de ECCOGRUPO.

O eido territorial de intervención é, en principio, toda a xeografía española. A especial característica do grupo permite incorporarnos a unha obra, en todo momento, a calquera dos centos de cooperativas da construcción extendidas por todo o país. Así, mantendo a estructura de xestión e dirección cohesionada, a técnica clásica da subcontratación ten, no noso caso, unha avantaxe adicional evidente.

As referencias, tanto de clientes, bancos, como de provedores, son as que aportan todos e cada un dos nosos socios. A cifra de negocios anual mantida ata o presente encerra toda unha historia de relacións, incluídas as épocas de crise, que deberían resumirse como positivas, xa que as empresas están hoxe traballando e co seu correspondente prestixio local.

De todas as maneiras, é obvia a predisposición a concretar unha relación de obras realizadas en calquera das tipoloxías descritas no punto 6. Mesmo as obras executadas mediante o nada desedeñable rol de subcontratados polas constructoras.

ECCOGRUPO, en fin, é punta de lanza de todo un proxecto empresarial cooperativo que ten como obxectivo xeral estar presente, cualificadamente, nos segementos interesantes do mercado da construcción. Para isto dotouse dos recursos, experiencias e apoios necesarios.

ECCOGRUPO é o interlocutor idóneo para unha demanda que, esixindo a máxima calidade de servicio, á vez valore nos xustos termos a característica social e cultural do cooperativismo.

## II. DATOS DE ECCOGRUPO

*Delegacións Operativas*

*Cataluña*

Vía Laitana 54, 4° 3.ª
08003 Barcelona
Teléfono: 93 - 2680477
Fax: 93 - 2680139

*Murcia*

C/ Mayor, 15 2° esc. 2.ª
"Polígono Camposol"
30006 Puente Tocinos (Murcia)
Teléfono: 986 - 240950
Fax: 968 - 241058

*Valencia*

Apartado de Correos, 8
45960 Aldaya
Teléfono: 96 - 1501308
Fax: 96 - 1503350

*Andalucía*

C/ Terriza 20, 2° A
04005 Almería
Teléfono: 951 - 258626
Fax: 951 - 258711

1. *Datos Identificativos*

1.1. Data de constitución: 9 de Abril de 1991

1.2. Datos rexistrais: Libro de cooperativas, sección central, tomo XLIV, folio 4375, asento 1°, n° 1454 SNT.

1.3. CIF: F- 80026040

1.4. Volume consolidado de facturación en 1992:

- 4.865.000.000 pts

Volume consolidado de facturación en 1993: (Aprox.)

- 5.600.000.000 pts.

2. *Composición Societaria:*

2.1. CCFC/Consorci Cooperatiu pel Foment de la Construcció, SCCL), de Catalunya, que agrupa a 6 cooperativas.

2.2. A-5 (Consorcio Valenciano do Moble) que agrupa a 3 cooperativas.

2.3. GRUCCO (Consorcio Rexional de Cooperativas da Construcción, S.Coop.), de Murcia, que agrupa a 6 cooperativas.

2.4. CONSTRUCTORA DEL SURESTE, SCA, membro da comisión xestora de CONSUR, (Consorcio Andaluz que agrupará a 9 cooperativas da construcción).

2.5. ARAGONESA DE CONSTRUCCIONES, S.Coop., de Madrid.

3. *Composición sectorial*

14 Cooperativas de construcción en xeral.
3 Cooperativas de mármore e cerámica.
3 Cooperativas de portas, armarios e mobles de cociña.
4 Cooperativas de oficios afins á construcción.

(Case tódalas cooperativas de "construcción en xeral" dispoñen de sección de electricidade, carpintería, pintura, climatización, etc....).

4. *Recursos humanos dispostos*

4 Enxeñeiros
5 Arquitectos
6 Aparelladores
3 Economistas
1 Disp. Empresariais
34 Encargados de obra
522 Profesionais da construcción e afins
576 Traballadores no cadro de persoal social

5. *Maquinaria e Instalacións*

5.1. Maquinaria de construcción

11 Tractores, palas e excavadoras
15 Camións de medio a grande tonelaxe
24 Furgonetas
9 Carretillas elevadoras
19 Dumpers
10 Montacargas
6 Gruas
Compresores

Formigoneiras
Compactadores
Martelos perforadores
Vibradores
Grupos electróxenos
Equipos de soldadura
e Equipos para a pintura horizontal.

5.2. 12,500 m.$^2$ de naves industriais para a fabricación de mobles, incluíndo liñas automatizadas de corte, encadrado, taladro, lixado, prensado, túneles de pintura e secado, tornos, transfer, inectadores, desengraxe por ultra son, sistemas de embalaxe e obradoiros de deseño.

5.3. 1 nave para o tratamento do mármore, con maquinaria encabezadora, cortadora e puidora.

5.4. 7 naves para a fabricación de cerámica, incluíndo a maquinaria e fornos correspondentes.

5.5. Varias naves e almacéns para material e maquinaria de construcción.

6. *Tipos de obras realizadas polos socios.*

Equipamentos e naves industriais
Polideportivos, mercados, colexios, ambulatorios.....
Hoteles, oficinas.
Aparcamentos
Vivendas, urbanizacións, residencias.
Muros pantalla e estructuras de aluminio
Rehabilitación de vivendas, pazos modernistas e castelos.
Infraestructura urbana
Mantemento de edificios, locais, alumeado.....
Sinalizaciónhorizontal.

7. *Outras experiencias e servicios*

7.1. Algúns dos socios dispoñen de estacións de CAD completas e outros socios participan en enxeñerías de proxectos. ECCOGRUPO coordina o conxunto de xeito que poida actuar como un entramado de apoio mutuo.

7.2. A través de empresas participadas incorpóranse a ECCOGRUPO servicios de consultoría empresarial, con especial mención á xestión de cooperativas de consumidores de vivenda.

7.3. No eido da investigación e a innovación tecnolóxica, algún dos socios é membro do consorcio europeo ENERGAMED para a transferencia Universidade-Empresa no contexto do programa COMETT, da CE. Asimesmo partíci-

pase en programas de inmótica e domótica, en técnicas de pre-fabricación, e en sistemas de aforro enerxético.

7.4. ECCOGRUPO ten un convenio de colaboración e apoio estratéxico con CMB, cooperativa italiana, que aporta clasificación empresarial ilimitada para traballos de movemento de terras, traballos en formigón, edificios de vivendas, equipamentos industriais, construcción e pavimentación de estradas, viais aeroportuarios e ferroviarios, diques, presas, acueductos, canais, túneles e galerías.



# Os artistas procuran a calidade da súa obra. Nós coidamos a calidade dos nosos servizos.

auditoria / asesoria fiscal / asesoria laboral
estudos económicos e financieiros / organización e desenvolvemento contabel
selección e formación de persoal.

**unipro**

P. y Margall, 72, bajo - 36202 Vigo - Apartado 887
Telefono 986 23 86 04 - Telefax: 20 56 04

Blanco Porto, 2, entresuelo - 36001 Pontevedra - Apartado 214
Telefonos 986 85 54 12 - 16 - Telefax: 84 29 43

# O MUNDO DESDE AQUÍ

**Unha rigorosa aproximación ós problemas do mundo contemporáneo a través dunha ollada experta e plural**

*Edición do IGADI (Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional).*




## TEMAS QUE ANALIZA

* O integrismo no mundo árabe
* Un mundo sen Leste
* Un novo comenzo para Europa
* ¿Demasiado pobres para a democracia?

## RELATORES INCLUIDOS

* Pedro Martínez Montávez
* Jorge Dezcallar
* Taher Majdoub
* Teresa Aranguren
* Santiago Carrillo
* Vicent Partal
* Miguel Urbano Rodrigues
* Tadeusz Iwinski
* Antonio Elorza
* Francisco Carballo
* Juan Antonio Sacaluga
* José Barros Moura
* Carlos Casares
* Mariano Aguirre
* Ignacio Ramonet
* José Saramago

## CUPÓN DE PEDIDO

Sirvanse enviarme ________ exemplares de *"O Mundo desde Aquí"*

D. ______________________ Télf. ____________ Provincia ____________

Enderezo ______________________ C.P. ________ Concello ____________

☐ Estou interesado en recibir información do IGADI ☐ Estou interesado en colaborar co IGADI

**Precios:**

1 ex. 750 Pts
2 ex. 1200 Pts
3 ou + 500 Pts/un

**Forma de pago:**

________ Talón nominativo.
________ Xiro postal núm.
____________________

**Data:**

____________

**Remitir o cupón a:**
IGADI Avda. Joselín 7
Portal 3 5º B 36300
Baiona (PONTEVEDRA)
Tf./Fax: 357238 (986)